

ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009

IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ART. 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no art 60 en relación dos seus art, 93 a 100 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, é un tributo directo de carácter obrigatorio

ART. 2º - FEITO IMPOÑIBLE

1. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría
2. Considérase vehículo apto para circular o que fose matriculado nos Rexistros públicos correspondentes e mentres non tivese causado baixa nos mesmos. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.
3. Non están suxeitos a este imposto:
 - A) os vehículos que sendo dados de baixa nos Rexistros por antigüidade do seu modelo podan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós desta natureza
 - B) os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superior a 750 quilogramos

ART. 3 - SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, aquelas que no permiso de circulación teñen o vehículo ó seu nome.

ART. 4 - EXENCIÓNS

Estarán exentos do imposto

- A) os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou a seguridade cidadá
- B) os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares acrditados en España, que sexan súbditos dos seus respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade en extensión e grao

- C) Así mesmo os vehículos dos organismos internacionais con sede u oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático
- D) as ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria que pertencen á Cruz Vermella
- E) os coches de minusválidos a que se refire o número 20 do Anexo do Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de marzo polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, e os adaptados para a súa conducción por persoas con discapacidade física sempre que a súa potencia sexa inferior a 14 ou 17 cabalos fiscais e pertencen a persoas minusválidas ou discapacitadas fisicamente con un grado de minusvalía inferior al 65% ou igual ou superior o 65% respectivamente. En calquera caso, os suxeitos pasivos beneficiarios desta exención non poderán disfrutala por máis dun vehículo simultaneamente.

Así mesmo os vehículos que tendo unha potencia inferior os 17 cabalos fiscais, sexan destinados a ser utilizados como autoturismos especiais para o transporte de persoas con minusvalía en cadeira de rodas, ben directamente ou previa a súa adaptación. Para estes efectos consideraranse persoas con minusvalía quen teña esta condición legan en grao igual ou superior ó 33% consonte co baremo da disposición adicional segundo a lei 26/1990 de 20 de decembro pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas.

Con independencia do establecido na línea dúas deste mesmo art, para poder gozar da exención á que se refire o parágrafo anterior os interesados deberán xustificar o destino do vehículo.

En calquera caso os suxeitos pasivos beneficiarios desta exención non poderan disfruta-la por máis dun vehículo simultaneamente.

- F) os autobuses urbanos adscritos ó servizo de transporte público en réxime de concesión administrativa outorgada polo municipio da imposición
- G) os tractores remolques, semirremolques e maquinaria provistos da cartilla de inspección agrícola

2.- Para poder gozar destas exencións a que se refiren as letras d) e f) do apartado 1 do presente art os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio. Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de exención os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma

Declarada a exención pola Administración Tributaria Local, expedirase un documento que acredite a súa concesión

Admáis e polo que se refire á exención prevista no parágrafo segundo da letra d) do apartado anterior, para poder disfrutar da mesma, os interesados deberán xustificar documentalmente o destino do vehículo.

ART. 5º - BONIFICACIÓNS

1. 1.- Gozarán dunha bonificación do 100% na cota dos vehículos históricos o aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data da súa fabricación, tomándose como tal, si ésta son se coñecera, a da primeira matriculación ou no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante deixou de fabricar
2. 2.- Para poder gozar da bonificación, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a antigüidade. Para estes efectos deberán acompañar á solicitude de bonificación os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos para gozar da mesma

Declarada a bonificación pola Administración Tributaria Local, expedirase un documento que acredite a súa concesión

ART. 6 - COTA TRIBUTARIA

1.- A cota tributaria será o resultado de aplica-las seguintes tarifas, conforme o art. 96 da LHLL:

A) Turismos	
• De menos de 8 cabalos fiscais	12,62
• De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	34,08
• De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	71,94
• De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	89,61
• De 20 cabalos fiscais en adiante	112
B) Autobuses	
• De menos de 21 prazas	83,30
• De 21 a 50 prazas	118,64
• De más de 50 prazas	148,30
C) Camiones	
• De menos de 1.000 Kilogramos de carga útil	42,28
• De 1.000 a 2.999 Kilogramos de carga útil	83,30
• De más de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil	118,64
• De más de 9.999 kilogramos de carga útil	148,30
D) Tractores	
• De menos de 16 cabalos fiscais	17,67
• De 16 a 25 cabalos fiscais	27,77
• De más de 25 cabalos fiscais	83,30
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica	
• De menos de 1.000 e máis de 750 kilogramos de carga útil	17,67
• De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	27,77
• De máis de 2.999 kilogramos de carga útil	83,30
F) Outros vehículos	
• Ciclomotores	4,42
• Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos	4,42
• Motocicletas de máis de 125 e ata 250 cm ³	7,57
• Motocicletas de máis de 250 ata 500 cm ³	15,15
• Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 cm ³	30,29
• Motocicletas de máis de 1.000 cm ³	60,58

2.- Para ós efectos de facilitar a aplicación das tarifas deberñense ter en conta as seguinte regras

- A) concepto das diversas clases de vehículos será o recollido na Orde do 16 de xullo de 1.984
- B) a potencia fiscal expresada en cabalos fiscais estableceráse de acordo co disposto no art 260 do Código de Circulación
- C) os vehículos definidos como mixtos, todoterrenos, mixtos adaptables, mixtos todoterreno, e furgón mixto adaptable e similares polo literal da clave numérica reflexado na ficha técnica tributarán como turismo, por su potencia fiscal, agás nos seguintes casos:
 - se o vehículo está habilitado para o transporte de máis de nove persoas incluído o conductor tributará como autobús
 - se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 kg de carga útil tributará como camión
- D) os vehículos denominados autocaravanas será consierados furgonetas para os efectos de tributación
- E) os furgóns excepto o mixto adaptable, tributarán como camiós
- F) as ambulancias e coches fúnebres tributarán como turismos

ART 7 - PERIODO IMPOSITIVO E OBRIGA DE CONTRIBUIR

1. o período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo principiará o día en que se produza dita adquisición
2. A data de exhibidade do imposto é o primeiro día do período impositivo
3. o importe da cota prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa do vehículo
Tamén procederá o prorrateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal poe sustracción ou robo do vehículo, e dende o momento no que se produza a devandita baixa temporal no Rexistro Público correspondente.
Nos supostos de baixa definitiva ou baixa temporal por sustracción ou robo do vehículo e para os efectos do prorrateo, os contribuintes deberán solicitar no seu caso a devolución proporcional das cotas ingresadas.
4. No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con trascendencia tributaria, a cota será irreducible e o obrigado ó pago do imposto será o que figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro.

ART 8 - NORMAS DE XESTIÓN

1. No caso de primeiras adquisicións de vehículos ou cando éstos se reformen de xeito que alteren a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán nos lugares que determine a Diputación Provincial, no prazo de trinta días a contar dende a data de adquisición ou reforma, declaración.liquidación acompañando a documentación acreditativa da compra ou modificación, certificado de características técnicas do vehículo e DNI ou CIF.

Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cuota do imposto resultante da mesma. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisoria en tanto que pola oficina xestora non se comprobe que a mesma foi efectuada mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto.

2. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recadación das correspondentes cuotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que estén inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal. padrón municipal exporáse ó público anualmente para que os lexítimos interesados podan examinalo e no seu caso formular as reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciaráse no BOP e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

ART. 9 - INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos arts 77 e seguintes da LXT

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 7 de novembro de 2000. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do 2001 e aplicarase ata a súa derogación ou modificación.